

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de novembro de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/11/2022
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/11/2022
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola: rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEA* correspondente ao curso 2021-2022.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2022/2023.

A Directora indica que, en base aos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se producen os seguintes cambios na composición da Xunta de Escola para o curso 2022/2023:

- Baixas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - Alfonso Mandado Vázquez.
- Baixas no colectivo do estudantado:
 - Laura Andrés Herguedas
 - Marta María Caride Pérez
 - Iago Cuñado Juncal
 - Iván Montenegro Vázquez.

Neste colectivo hai 12 vacantes a cubrir mediante un proceso electoral xa iniciado.

A Directora agradece ás persoas que causan baixa a súa participación na Xunta de Escola.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 13 de xullo 2022.

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

3. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

4. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora sinala que é necesario nomear un tribunal para cada un dos graos e traslada a proposta da dirección.

- Tribunal para o Grao en ERME:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: María Araújo Fernández (Coordinadora do Grao en ERME)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE)
- Tribunal para o Grao en EE:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: Francisco Deive Herva (Coordinador do Grao en EE)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE).

Apróbase por asentimento a configuración dos tribunais.

5. Nomeamento, se procede, da persoa coordinadora do Máster Universitario en Xestión sostible da auga.

A Directora lembra que no relativo ás titulacións G2030 a Escola trasladou interese pola adscrición do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga. Para estas titulacións a Universidade acordou nomear a unha persoa para facer as labores de coordinación en clave interna na UVIGO e en clave externa co resto de universidades do SUG que trasladaron interese en participar na proposta. No caso deste máster nomeouse á directora da Escola como coordinadora da proposta, traballando no desenvolvemento da mesma desde o principio, tanto en clave interna na UVIGO como externa coas universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, a directora e María Araújo Fernández. Na actualidade xa foi elaborada a proposta de memoria de verificación e estase en fase de avaliación por parte de ACSUG para súa implantación no curso 2023-2024. Na fase actual, procede xa nomear como coordinadora á persoa que levará o peso de coordinación da titulación para a súa posta en marcha, polo que a directora propón a María Araújo Fernández-

A Xunta de Escola aproba por asentimento o seu nomeamento.

6. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora sinala que non é propiamente unha modificación na composición da comisión senón un cambio na función dun dos membros da CAM. O que se propón e que asuma, a partires de agora, as funcións de secretaría da CAM Guillermo García Lomba, en substitución de María Araújo Fernández.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora sinala que no Consello de Goberno do 31 de outubro aprobouse o calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2024-2025. O procedemento iníciase coa presentación da declaración de interese de novas propostas de títulos ou modificación dos xa implantados. Este curso o prazo de presentación de solicitudes adiantouse uns meses de xeito que o prazo para remitir a declaración de interese remata o 25 de novembro.

No marco da reforma integral das titulacións do centro estaba prevista para este curso a modificación do MUEM, de xeito que a titulación modificada poida pñerse en marcha no curso 2024-2025, cando se incorporaría a primeira promoción dos novos títulos de grao que dan acceso directo ao máster.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que na sesión da comisión de Calidade do 22 de novembro se aprobou o rexistro de calidade

➤ R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE

que tamén require a aprobación da xunta de centro.

A Directora sinala que nos informes de coordinación, difusión e PAT deste curso se fixo unha redistribución da información recollida porque había cuestións e actividades que estaban mesturadas, duplicadas ou mal asignadas. A continuación amosa e comenta o informe (ANEXO III) resaltando os puntos principais: novos espazos INFO en Moovi, actos de benvida, actividades formativas e informativas, reunións co alumnado, enquisas de dificultade de materias, MEET, ANEAE, e finalizando coas conclusións.

Sinala que o informe foi elaborado por Ángeles Domínguez, coordinadora xeral do PAT-ANEAE do centro, coa supervisión o colaboración do Coordinador de Calidade e da

Directora. Agradece a Ángeles o traballo realizado e o estende a todas as persoas titoras do PAT e ao estudiantado mentor do MEET-emE.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe final de avaliación do PAT-ANEAE.

A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade do centro. Ademais, agradece a Ángeles Domínguez o traballo de elaboración do informe e o estende a todas as persoas titoras do PAT e ás persoas mentoras do MEET-emE.

9. Rogos e preguntas.

Javier Vijande traslada un incidente nunha clase de Física en relación co Mundial de Fútbol. Concretamente, uns estudantes pedíronlle que puxera un partido nunha das pantallas da aula durante a clase; negouse a facelo pero viu que moitos estudantes estaban pendentes dos *smartphones* ou ordenadores... Díxolles que dese xeito non podía dar a clase, pero pregunta que máis podería facer.

A Directora recolle o rogo e pide que, se se repite a devandita situación, se lle comunique para trasladar instrucións precisas sobre o proceder.

A Directora distribúe o novo número da revista *Minexía* entre os presentes, informa de que tamén está accesible dende a web do centro e pide a súa difusión.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de novembro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 23/11/2022

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 23 de novembro de 2022, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Constitución da Xunta de Escola para o curso 2022/2023.
- 2) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 13 de xullo de 2022.
- 3) Informe da Directora.
- 4) Nomeamento, se procede, do tribunal de Premios Extraordinarios Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.
- 5) Nomeamento, se procede, da persoa coordinadora do Máster Universitario en Xestión sostible da auga.
- 6) Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
- 7) Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
- 8) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 9) Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de novembro de 2022
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 23/11/2022

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 23/11/2022

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Diez Ferrer, José Bienvenido
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. Goicoechea Castaño, María Iciar
14. González Rodríguez, Elena
15. Patiño Vilas, David
16. Pérez Pérez, M^a Carmen
17. Rodríguez Rodríguez, Ana María
18. Taboada Castro, Javier
19. Vázquez Dorrió, José Benito
20. Vijande López, Javier

Alumnado

—

Persoal de Administración e Servizos

21. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia

- Arias Sánchez, Pedro
- Conde Fontenla, Marcos
- Pozo Antonio, José Santiago
- Rivas Brea, Teresa
- Alonso Pérez, Carmen



ANEXO III

Informe da Directora



ANEXO IV

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:
registro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-
ANEAE correspondente ao curso 2021-2022